

XI Incubadora de Sondaxes e Experimentos

Bases do concurso

1. Convocatoria

A Sociedade Galega para a promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO), convoca a decimo primeira edición do concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos para proxectos de Estatística e Investigación de Operacións realizados por estudantes de ESO, Formación Profesional Básica, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Toda a información relativa a esta convocatoria pode consultarse na páxina web da SGAPEIO: www.sgapeio.es.

2. Obxectivos

- Fomentar o ensino e aprendizaxe da Estatística nos niveis educativos non universitarios.
- Difundir a importancia e utilidade da Estatística e a Investigación de Operacións na vida real e en tódalas disciplinas académicas.
- Incentivar nos docentes o uso de ferramentas tecnolóxicas, e de novos materiais e técnicas no ensino da Estatística e da Investigación de Operacións.
- Espertar nos estudantes a curiosidade pola Estatística e a Investigación de Operacións como ferramenta fundamental na investigación en tódalas ciencias e na elaboración de proxectos.
- Elevar os coñecementos e as competencias dos estudantes en torno á Estatística e a Investigación de Operacións e a súa aplicación na vida diaria, nos estudos e na comprensión da súa contorna.
- Familiarizar aos estudantes coas fases de realización dun estudo estatístico e coas distintas linguaxes reflectidas neste proceso.

3. Participantes

Poden participar estudantes (matriculados en centros da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2020-2021) de ESO, FP Básica, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio. A participación pode ser individual ou en grupo (máximo de 5 estudantes). Cada participante ou

grupo deberá contar polo menos cun docente-titor do seu centro, que supervise o traballo presentado.

Distínguense tres categorías:

- Categoría A: 1º e 2º de ESO.
- Categoría B: 3º e 4º de ESO e FP Básica.
- Categoría C: Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.

Non hai limitación de concursantes por un mesmo centro, nin de traballos titorizados por un mesmo docente. Só se permite unha participación por estudante.

4. proxecto de estatística

Os participantes no concurso realizarán un proxecto de Estatística e/ou Investigación de Operacións:

- **Sobre que tema pode facer o proxecto?** O tema é libre.
- **Que é un proxecto de Estatística e/ou Investigación de Operacións?** É o proceso que dá resposta a unha pregunta relevante usando técnicas estatísticas.
- **Como organizo un proxecto deste tipo?** O proxecto debe planificarse tendo en conta dúas fases: unha primeira fase de recollida de datos e unha segunda fase de análise estatística e interpretación de resultados.
- **Como pode obter datos?** Sempre debemos partir dunha pregunta relevante á que pretendemos dar resposta. Así, os datos que utilizemos poden provir de:
 - Unha sondaxe deseñada polos participantes sobre un tema de interese xeral ou de interese para o centro educativo e/ou o seu ámbito. Na planificación da sondaxe débese deseñar un cuestionario e, a continuación, realizarse.
 - Un plan experimental para comparar dous produtos, dous tratamentos ou outras situacións similares. O experimento formulado pode estar relacionado con algunha das materias que os estudantes estean a cursar ou tratar dalgún fenómeno cotián.
 - Explotación de bases de datos dos institutos oficiais de estatística (EUROSTAT, INE, IGE, etc.) ou doutros organismos e institucións, ás que se pode acceder a través da rede.
- **Como se presentan os resultados dun proxecto de estatística?** Os resultados preséntanse mediante un informe escrito en galego ou en castelán, no que se deben especificar, polo menos, os seguintes apartados:
 - **Obxectivos:** explicar o obxectivo principal da investigación, e os obxectivos específicos que se queren conseguir co traballo.

- Descrición da recollida de datos (sondaxe, plan experimental ou base de datos pública).
- Análise estatística e interpretación dos resultados.
- Conclusións e posibles melloras e extensións do proxecto.
- **Que teño que enviar á organización do concurso?** Debes enviar un informe escrito elaborado no ordenador usando un procesador de texto e coas seguintes características:
 - Letra Calibri, tamaño 11, interlineado sencillo
 - Extensión máxima do informe: 30 páxinas

Neste informe pódense incluír ligazóns aos arquivos dixitais/webs que formen parte do estudo e que consideres relevantes para a valoración do teu traballo (imaxes, follas de cálculo, vídeos, blogs ...), sempre que sexan de autoría propia. Este informe será o que se envíe aos avaliadores (véxase punto 7).

5. Inscripción

Para participar na “Incubadora de Sondaxes e Experimentos” é necesario cumprimentar o formulario de inscrición que aparece na páxina web do concurso (www.sgapeio.es). A inscrición realizaraa o profesor titor do traballo incluíndo os datos do participante ou dos membros do grupo.

A cada traballo presentado asignaráselle un código que deberá ser usado como identificador en posteriores comunicacións coa organización do concurso.

6. Envío de traballos

Cada participante ou grupo debe enviar o informe do seu proxecto ao correo electrónico premio@sgapeio.es. No asunto da mensaxe deberase indicar o código de traballo que lle fose asignado.

Os traballos presentados, realizados integramente polos estudantes participantes, deben ser inéditos e orixinais. A organización descualificará aqueles proxectos publicados total ou parcialmente en calquera medio, incluíndo os proxectos presentados a outros certames e/ou premiados por outras organizacións ou institucións.

7. Xurado e valoración dos proxectos

Cada proxecto será revisado de forma independente por polo menos dous avaliadores, que emitirán un informe de valoración.

Debido á situación sanitaria na que nos atopamos traballamos con dous escenarios:

- 1- No caso de que a situación sanitaria o permita:
 - O xurado do concurso, tendo en conta este informe e o seu criterio, seleccionará traballos finalistas en cada categoría para pasar a unha segunda fase.
 - Na segunda fase, que terá lugar o día da entrega de premios, deberán expoñer o seu proxecto, segundo as pautas que proporcionará a organización, ante o xurado e o público asistente. O xurado poderá efectuar preguntas ou observacións ao rematar a exposición. O acto finalizará coa comunicación do fallo do xurado e a entrega de premios.
- 2- No caso de que a situación sanitaria non permita a concorrencia do alumnado a un acto de tales características será o xurado do concurso, tendo en conta o informe dos avaliadores externos e o seu criterio, o encargado de seleccionar os traballos gañadores. Se as circunstancias o permiten valorarase cos gañadores/finalistas a organización dunha actividade virtual na que se presenten os traballos.

Na valoración dos proxectos, teranse en conta os seguintes aspectos, cando proceda:

- A orixinalidade do tema.
- A claridade na exposición de obxectivos, fases do proxecto e resultados.
- A correcta aplicación de técnicas estatísticas e a súa adaptación ao nivel no que estudan os participantes.
- As ferramentas tecnolóxicas empregadas.
- As conclusións do traballo, de acordo aos obxectivos do mesmo.
- A análise crítica do proxecto realizado e posibles extensións do mesmo.
- O informe final (redacción, estrutura, elección apropiada de táboas e gráficos, etc.)
- A exposición do proxecto no acto previo á entrega de premios, de poder realizarse.

O xurado estará composto por 6 membros: un representante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dous representantes da SGAPEIO, un representante do IGE, un/unha profesor/a de ensino medio e un/unha profesor/a dunha das universidades galegas.

A decisión do xurado será inapelable e os premios poderán ser declarados desertos por proposta deste.

O fallo do xurado darase a coñecer ben durante o acto de entrega de premios, se se pode celebrar, ou ben comunicarse por correo electrónico aos participantes e posteriormente publicarse na páxina web da SGAPEIO.

8. Premios

Concederase un premio en cada unha das categorías especificadas no punto 3 (Participantes)

A cada traballo premiado corresponderalle un diploma para o centro e material informático para o titor e os estudantes participantes.

Así mesmo o xurado poderá recoñecer aqueles traballos que requiriran do alumnado un maior esforzo e abdicación para superar dificultades de carácter persoal, educativas ou de contorno familiar ou sociocultural.

Todos os participantes, así como os seus titores, recibirán un diploma que acredite a súa participación no concurso. Ademais os profesores recibirán unha subscrición gratuíta dun ano á nosa Sociedade.

Se a situación sanitaria o permite a entrega de premios e diplomas realizarase nun acto público organizado pola SGAPEIO, no que os finalistas presentarán os seus proxectos, de non ser así a organización intentará outorgar a relevancia que merece este acto.

9. Publicación dos traballos

Os proxectos finalistas e premiados poderán ser publicados na páxina web do concurso e no boletín da SGAPEIO, previa comunicación aos titores.

10. Reserva de dereito

A SGAPEIO resérvase o dereito a modificar as condicións do concurso, en especial as datas previstas no calendario, ou mesmo a súa posible anulación, sempre que conorra causa xustificada.

11. Participación na fase nacional do concurso

Os proxectos seleccionados na fase galega, de estar interesados, serán propostos para a súa participación na fase nacional de celebrarse, como representantes da nosa comunidade. Para a fase nacional do concurso os traballos deberán redactarse en castelán.

12. Aceptación das bases do concurso

A participación no concurso supón a plena aceptación das súas bases.

13. Datás importantes

- Inscripción de traballos: dende o 5 ata o 18 de abril de 2021 (ampliada ata o 2 de maio)
- Entrega dos traballos finalizados: dende o 19 de abril ata o 2 de maio de 2021.
- Do 30 de maio ao 3 de xuño de 2021 daranse a coñecer os traballos finalistas ou gañadores e a data do acto de entrega de premios.